

# "NO RÍO VERDUGO HAI SALMÓN E SERÍA DOADO RECUPERALO"

Belén Rodríguez

X. Soliño



En 2005 foron sete os salmóns femia atrapados nas turbinas das centrais hidroeléctricas do río Verdugo e rescatados polos técnicos do Servizo de Protección da Natureza. O pasado ano 2006, a "Verdusa", unha femia de salmón de 80 cm de longo e 5Kg de peso, quedou entalada na Central do Inferno. Como outros salmóns, buscaba a mellor zona de desove do río, no lugar de Taboadelo, mais atopouse con dous

**"O pasado ano 2006, a "Verdusa", unha femia de salmón de 80 cm de longo e 5Kg de peso, quedou entalada na Central do Inferno. Como outros salmóns, buscaba a mellor zona de desove do río, no lugar de Taboadelo, mais atopouse con dous obstáculos de 15 e 51 m de altura, imposíbeis de saltar"**

obstáculos de 15 e 51 m de altura, imposíbeis de saltar (o encoro do Inferno e o salto de Eiras respectivamente). Este feito obrigou ao SEPRONA a recollelos á man e trasladalos á piscifactoría de Carballedo, onde se puideron reproducir, completando o seu ciclo de forma artificial. Posteriormente, os alevíns devolvéronse ao mesmo río.

O problema podería ser constante no tempo se non se pon solución. PLADEVER cre que as especies migratorias coma o reo (*salmo trutta*), salmón (*Salmo salgar*) e anguía (*Anguilla anguilla*) teñen dificultades para franquear os saltos das centrais hidroeléctricas porque as escalas construídas para favorecer o paso dos peixes son insuficientes (progresión de pilóns moi estreitos, de 50x50 cm). "A idea sería reformar a escala de peixes, facendo alomenos tres alturas e cunha rampla suficientemente dimensionada entre os pilóns", di Alberte Lema. Seguindo este sistema, o salmón podería acceder a 10 km no río Verdugo, a 7,8 km no río Oitavén e, incluso, desprazarse ao río San Vicente, de 7 km de lonxitude. Un paso adecuado para peixes na presa do Inferno xunto con un réxime de caudais ecolóxicos reais no encoro de Eiras non suporía un orzamento demasiado caro para a empresa concesionaria. Segundo a Plataforma, o custe total roldaría os 180.000 euros. Deste xeito, poderíase recuperar facilmente unha pequena poboación de salmóns na conca Verdugo-Oitavén e ademais "cumpríriase coa lei de pesca fluvial que obriga á construción de pasos adecuados nas presas para o remonte das especies migratorias", sentenza Lema.

PLADEVER tamén responsabiliza á Administración de non facer cumprir as

Existen moitos ríos galegos onde o salmón está considerado oficialmente unha especie extinguida. É o caso da conca Verdugo-Oitavén, catalogada pola Xunta de Galiza como curso fluvial exclusivamente troiteiro. Mais a Plataforma pola Defensa do río Verdugo (PLADEVER) leva uns anos afirmando a presenza de salmóns neste afluente e realizando tarefas de recuperación a man das femias que quedan atrapadas nas diversas presas do río no seu camiño cara ás zonas de desove. O voceiro desta Plataforma, Alberte Lema, asegura que "existen solucións moi sinxelas e baratas que permitirían aos salmóns completar o seu ciclo reprodutivo e que deberían ser adoptadas pola Administración para garantir a continuidade da especie".

leis medioambientais polas que se regula o aproveitamento do río, ademais da falla de valor político para declarar o salmón como especie en perigo de extinción no río Verdugo e así establecer medidas efectivas para a súa recuperación. "A infravaloración do valor ecolóxico do río Verdugo dificulta unha solución que en calquera outro país europeo

**"PLADEVER reclama ao goberno autonómico máis vontade para declarar o sistema fluvial Verdugo-Oitavén de alto valor ecolóxico e río salmoneiro"**

sería máis doada", afirma Lema. A Xunta debería obrigar ás empresas concesionarias a reformar os pasos para peixes que non funcionan e prohibir a pesca fluvial nos ríos salmoneiros en época de desove.

PLADEVER reclama ao goberno autonómico máis vontade para declarar o sistema fluvial Verdugo-Oitavén de alto valor ecolóxico e río salmoneiro, no seu treito accesíbel, onde non deba haber aproveitamento piscícola algún. Tamén cre preciso construír pasos axeitados para peixes na presa do Inferno, derrubar o caduco encoro da Pomba (no río Oitavén) e obrigar ao mantemento do caudal ecolóxico na presa de Eiras.